

DECRETO DA ALCALDÍA

ASUNTO: NOMEAMENTO DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR

EXPEDIENTE: 2019/G003/001981

En sesión plenaria de 2 de xullo de 2019, de organización da Corporación Local, prestouse aprobación á creación de 7 postos de traballo de persoal eventual de confianza.

Máis concretamente, no punto décimo se crearon 4 postos de persoal eventual para o Goberno e 3 postos de persoal eventual para a oposición.

Os postos para os grupos municipais da oposición (3) son 1 auxiliar para o grupo municipal popular e 2 para o grupo mixto, que serán designados polos grupos.

Con data 5 de xullo de 2019 (R.E. núm. 20190000004477) Ramón García Argibay, en representación do grupo municipal do Partido Popular presenta escrito solicitando a incorporación de Andrés Agra Costoya, con DNI 33.289.483-L.

Visto todo o que antecede, esta Alcaldía no uso das súas atribucións, mais concretamente das previstas nos artigos 21.1.h) e 104 da Lei //1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), **resolve:**

Primeiro.- Nomear persoal eventual de confianza do grupo municipal do Partido Popular a **Andrés Agra Costoya**, con [REDACTED], coa categoría profesional de auxiliar administrativo.

As características son as recollidas para este posto no acordo plenario de organización de 2 de xullo de 2019. A súa xornada laboral será a ordinaria do resto do persoal municipal, sen prexuízo da súa especial dispoñibilidade segundo as necesidades do grupo municipal.

Terá unha retribución bruta anual de 20.473,28 euros, que se percibirán en catorce pagas anuais, doce ordinarias e dúas extraordinarias, en xuño e decembro, polo mesmo importe. As súas retribucións experimentarán a mesma modificación que a do resto do persoal municipal.

Segundo.- O nomeamento terá efectos dende o 12 de xullo de 2019, previa aceptación de Andrés Agra Costoya.

Terceiro.- Publicar esta resolución a efectos de xeral coñecemento no Boletín Oficial da Provincia e no Portal de Transparencia do Concello de Ames.

O alcalde

A secretaria accidental

José M. Miñones Conde

Concepción Vilas Cantelar

C.I.F.: P - 1500200 - I